

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA FACULTADE DE HISTORIA DO 30 DE NOVEMBRO DE 2018

Lista de asistentes

Presidenta, decana e coordinadora de calidade

Reboreda Morillo, Susana

Secretaría e representante do PAS

Cadilla Lomba, Josefina T.

Coordinadora de Grao

Vaquero Díaz, Beatriz

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

Estudantes

Souto Castro, Iria

Membros da sociedade

Eguileta Franco, José María

Desculpan a súa ausencia

Coordinador do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural

Pérez Losada, Fermín

Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade

Comendador Rey, Beatriz

PDI

López Díaz, María

Estudantes

Galiña Lorenzo, Juan Manuel

Estudantes egresados

Marta López López

Membros da sociedade

Díaz Naya, Rosa María

Garrido Labrador, Begoña

Na sala de profesorado do Edificio de Ferro do campus de Ourense, reúnen os membros da Comisión de Calidade que figuran á marxe, o venres 30 de novembro de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de setembro de 2018.
2. Informe da presidenta.
3. Debate e validación, se procede, do borrador do plan estratéxico da Facultade de Historia.
4. Análise e valoración da posible difusión dos valores en positivo da enquisa de satisfacción do alumnado de grao no curso 2017-2018.
5. Validación, se procede, da proposta de substitución da metodoloxía nas guías docentes do Grao en Xeografía e Historia.
6. Análise e valoración da posta en marcha da enquisa elaborada pola Delegación de Alumnado da Facultade de Historia, para o segundo cuadrimestre do curso 2018-2019.
7. Análise e validación, se procede, do informe relativo ás necesidades do PAS da Facultade de Historia do Campus de Ourense.
8. Rolda de intervencións.

Da comezo a decana á sesión ordinaria da Comisión de Calidade dando lectura aos nomes dos membros que escusan a súa ausencia e que figuran á marxe desta acta.

1.- Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 27 de setembro de 2018.

Apróbase por asentimento.

2.- Informe da presidenta.

Indica a decana que xa se celebrou o III Congreso Internacional da Auga que este ano organizou a Facultade de Historia. O balance foi moi positivo, cunha elevada matrícula, cerca de 100 persoas, e alta participación, co cal quedaron cubertos todos os gastos xerados e incluso pódese asumir o custo da publicación que se realizarán en formato libro coa editorial Dykinson, constará de catro volumes, que se corresponderán cada un a unha mesa.

Estase a traballar na organización das II Olimpíadas de Historia, que este ano pasarán a chamarse II Olimpíadas Galegas de Historia debido a que hai outros lugares de España onde se organizan e un nome tan xeral como o proposto para a primeira edición pode chegar a producir confusión e ser incluso demasiado pretencioso. Tratarase nesta segunda olimpíada de mellorar a edición anterior, solucionando os erros cometidos. Seguirá dirixida ao alumnado de 4º da ESO e combinarase para a súa realización o método tradicional e o método tecnolóxico. Desenvolverase durante un día enteiro para que tódolos participantes poidan desfrutar ao máximo da actividade e que non se lles faga moi curta como aconteceu na primeira edición.

Pechouse o convenio coa Mancomunidade de Municipios da Comarca de Verín para xestionar o Premio Xesús Taboada Chivite. Os profesores que integrarán a organización serán Julio Prada, Jesús de Juana, Fermín Pérez, Adolfo Fernández e Susana Reboreda. Posteriormente esta comisión será a encargada de nomear un xurado. Explica que considera esta solicitude algo moi positivo porque leva implícito o recoñecemento ao traballo que se está a realizar desde o centro e abre as posibilidades de interacción coa sociedade e o noso entorno.

Neste sentido se rexistran outras colaboracións con concellos. En concreto dúas actuacións cos concellos de Monterrei e de Oímbra, a primeira será a posta en valor do Castro de Lorbazán; os traballos estarán subvencionados por un proxecto europeo concedido a ámbolos dous concellos e dirixidos polas profesoras Beatriz Comendador e Beatriz Vaquero. O segundo, cos mesmos concellos, están en relación co Muro de Búbal, que recentemente sufriu unha importante agresión pola acción dunha máquina que estaba abrindo un camiño; neste caso, a subvención

é asumida pola Deputación de Ourense, o convenio terá unha duración de catro anos e permitirá escavar e investigar sobre tan importante xacemento. Os traballos estarán dirixidos por Adolfo Fernández.

Aprobouse por parte do Consello de Goberno da Universidade de Vigo os novos regulamentos para a realización do TFG e TFM, que entrarán en vigor para o curso 2019/2020. Cada centro terá agora que adaptar á súa propia normativa a estes regulamentos.

Informa tamén a decana de que este ano non houbo convocatoria para bolseiros/as da aula de informática. De forma progresiva, o descontento coa súa labor, foi en aumento, con algunha excepción puntual, o ano pasado se multiplicaron as queixas dos usuarios e usuarias. Aproveitando a remodelación nesta convocatoria, a facultade solicitou que sexan os técnicos do SAUM os que se encarguen de supervisar os equipamentos da citada aula, as do centro e que se convoque unha praza en formación para un/ha estudante do grao que colaborará en diversas tarefas relacionadas, por exemplo, coa promoción da facultade, das súas titulacións ou a xestión das redes sociais. Está previsto que tamén se encargue algún día, da apertura da aula de informática para que o alumnado poida imprimir. A facultade supervisará e titorizará o traballo do/a citado/a bolseiro/a e emitirá o informe pertinente.

En consonancia co anterior, desde o SAUM revisáronse todos os equipamentos da aula de informática e realizaron o pertinente informe onde deixan constancia das importantes deficiencias que son preciso resolver. Por este motivo, todo o remanente da partida orzamentaria relativa ao material inventariable irá destinado á dotación de novos equipos. Unha parte importante da partida de reparacións, mantemento e conservación, será destinada a mellora dos equipos que non sexan substituídos. Para o ano todos os ordenadores estarán dotados de Windows 10 e serán xa visibles todas as melloras nas que se está a traballar.

En relación aos asuntos económicos do centro, indicar que neste exercicio económico, motivado polos cambios que se produciron coa nova RPT producíronse unha serie de problemas que ocasionaron considerables desgustos e que levaron bastante tempo e esforzo solucionar. A problemática estivo motivada porque o anterior responsable de asuntos económicos do centro se encargaba dunha serie de cousas das que a unidade actual e o novo responsable relacionado co centro non se encarga. Para por un exemplo, antes se facía unha retención de crédito para as saídas de estudo e agora hai que solicitar desde a facultade. Isto provocou que faltara diñeiro do orzamento para pagar as citadas visitas que se realizan coa compañía de Autos González. Finalmente este problema arranxouse. Intervén a profesora Yolanda Barriocanal para comentar que, deberían revisar o tamaño dos autobuses que se envían, xa que ás veces, destinan vehículos demasiado grandes, o que, ademais de encarecer o orzamento, dificulta as manobras por estradas estreitas.

Continúa Susana Reboreda explicando que o problema que non tivo solución foi que non se solicitara en prazo a modificación de crédito para poder pasar, por exemplo, o excedente que había na partida de indemnizacións por razón de servizos para a partida de investimentos asociados ao funcionamento dos servizos. O que máis impotencia lle produciu foi que solicitou a modificación de crédito unicamente cun día hábil de retraso e dado que se trataba dun prazo interno pensa que podería terse tramitado, pero a administradora de campus, mostrou pouca vontade en facilitar a solución e o final a responsabilidade recae nos equipos directivos, especialmente na dirección dos mesmos.

Celebrouse unha reunión entre os equipos directivos dos centros coa nova xerente e transmitíronselle estes problemas cos asuntos económicos e a falta de comunicación que os centros teñen coa administradora, quen non mostra en absoluto unha actitude colaboradora.

En relación a toda esta problemática derivada do peche de exercicio, explica a decana que, un día dun xeito absolutamente casual, un dos responsables de asuntos económicos comentoulle que na partida de reparación, mantemento e conservación había aínda aproximadamente 21.000 euros por gastar. Para ela, isto era algo totalmente novidoso porque cando se informa dos orzamentos, a facultade non pode actuar sobre a cantidade asignada a esa partida porque é xestionada directamente pola administradora de campus. É dicir, a facultade ten acceso a esa partida e ve o saldo existente pero ninguén proporciona información relativa á parte que pode dispor a facultade para acometer as obras que se demandan ou propoñen polos estudantes, profesorado ou persoal de administración.

Finalmente, despois das conversas e reunións mantidas co persoal implicado neste tema (administradora de campus, responsable de asuntos económicos, persoal administrativo do decanato e da área de apoio, responsables da unidade técnica, e decana da Facultade de Ciencias da Educación) vanse poder acolchar dúas aulas e electrificar outras dúas. Desexa aquí agradecer expresamente o traballo realizado por Carmen Arribas, secretaria do decanato, e por Josefina Cadilla, secretaria do centro e xefa de negociado da área de apoio.

Conclúe indicando que o que queda patente despois de todo o acontecido é a relación case inexistente que hai entre a administradora de campus que actúa como coordinadora de equipos administrativos pero non como coordinadora das necesidades dos centros, insiste na dificultade na relación e a sensación de que nunca facilita o traballo, incrementado as dificultades.

En relación aos orzamentos do ano 2019 indica que na mensaxe do día que chegaron, se incluía a obriga de entregalos distribuídos por partidas ao día seguinte. Na mencionada xuntanza tamén se transmitiu á Xerencia as queixas por parte dos equipos directivos dos centros con indicación de que de seguir este procedemento

para o vindeiro exercicio económico non entregarán os orzamentos en tempo e forma. Outro aspecto a destacar é que este ano houbo unha importante diminución, ao redor dun 10%, polo que se diminuí a mesma porcentaxe nas diferentes partidas.

En relación ao procedemento sobre as necesidades de formación do profesorado, dende secretaría do decanato se remitiu, como ven sendo habitual, un correo ao PDI e só se recibiu unha suxestión de Beatriz Comendador sobre un pequeno curso de introdución á fotogrametría e modelado 3D, cun programa sinxelo tipo Blender.

3.- Debate e validación, se procede, do borrador do plan estratéxico da Facultade de Historia.

Explica a decana que se trata dun borrador realizado entre o colaborador de Calidade, Antonio Presedo, e ela mesma e que a súa elaboración foi ardua. Ademais dos membros desta Comisión, remitiuse á Área de Calidade para que indicara se o seu contido ía en boa dirección. Indicaron que era correcto, co consello de que se estructure en relación as grandes liñas estratéxicas que presenta o caduco plan estratéxico da Universidade de Vigo (finalizou no 2008); no caso de que a Universidade de Vigo aprobe un novo plan, como está previsto, haberá que adaptar o noso. A continuación indica que a profesora Beatriz Comendador, que hoxe non pode estar presente na reunión, remitiu unha serie de suxestións, para a súa toma en consideración se a Comisión así o considera.

A continuación desenvólvese un intenso e longo debate no que participan tódolos membros asistentes sobre certos puntos de interese.

A profesora Yolanda Barriocanal indica que o que máis lle sorprendeu foi tema relativo á implantación dun novo título.

Susana Reboreda resposta que efectivamente, pode soar a utopía pero que estaría condicionado sempre aos recursos humanos. Explica que tamén Beatriz Comendador fai referencia a ese tema, en concreto pregunta que título sería. Resposta que é unha consideración en abstracto que podería referirse a un novo mestrado, que servira para acceder a un programa de doutoramento.

Interveñen respecto a este punto José María Eguileta, Susana Reboreda, Beatriz Vaquero, Yolanda Barriocanal e Antonio Presedo. Ao final decídese suprimir este obxectivo, condicionado a que se produzan cambios normativos que o possibiliten, así como a existencia dos recursos humanos necesarios.

En relación ao apartado do escaso orzamento, despois dunha quenda de intervencións, conclúese que se pode considerar unha ameaza, si se engade a característica de flutuante.

A decana continúa repasando o borrador, incluíndo ás aportacións aportadas por Beatriz Comendador. E o debate continúa en todos os aspectos, acordando que propostas se manteñen, cales se suprimen e cales se cambian. Así por exemplo, acórdase, entre outros temas, incluír a temática da transferencia, en oportunidades se inclúe a existencia de títulos interdisciplinares, en ameazas as trabas burocráticas e administrativas nos títulos interuniversitarios. En definitiva, os membros presentes dan a súa opinión en relación aos distintos apartados en un frutífero debate. A decana trasladará o resultados ao un novo documento que se remitirá a todo o profesorado do centro para que realicen as aportacións que consideren convenientes e posteriormente se aprobará en xunta de centro.

4 .- Análise e valoración da posible difusión dos valores en positivo da enquisa de satisfacción do alumnado de grao no curso 2017- 2018.

Unha vez analizados os resultados das enquisas de satisfacción do alumnado, desde a área de calidade aconséllase elaborar un documento que recolla as melloras con respecto a enquisas anteriores.

José María Eguileta, indica que na enquisa o que fai baixar a media é o apartado dos recursos.

Susana Reboreda considera que para o ano que ven este apartado mellorará porque vanse mercar novos ordenadores para a aula de informática, vanse tamén electrificar dúas aulas e acolchar outras dúas.

Apróbase por asentimento a difusión dos valores en positivo.

5 .- Validación, se procede, da proposta de substitución da metodoloxía nas guías docentes do Grao en Xeografía e Historia.

Explica a coordinadora do grao, Beatriz Vaquero, que a proposta deriva dunha solicitude da área de Calidade, na que se insta a suprimir no apartado de metodoloxía a opción de “outras” por un apartado máis concreto. Tras consultar ao profesorado se propón a redacción que se enviou como anexo a esta convocatoria.

Valídase por asentimento a proposta.

6 .- Análise e valoración da posta en marcha da enquisa elaborada pola Delegación de Alumnado da Facultade de Historia, para o segundo cuadrimestre do curso 2018-2019.

A decana explica que a delegación de alumnado presentou a proposta de enquisa de valoración do profesorado a realizar, de xeito anónimo desde a secretaría virtual no segundo cuadrimestre, entre tódolos estudantes do Grado en Xeografía e

Historia. Tamén indica que hai aspectos formais que se lles vai solicitar modificar como son empregar o idioma galego por ser a lingua oficial da Universidade de Vigo e unha linguaxe non sexista.

Este punto tamén xera un intenso debate entre os membros presentes que se lamentan de que non estea nesta Comisión o representante de alumnado que xustificou a súa ausencia.

Beatriz Vaquero, intervén para indicar que considera que é reiterar a enquisa que anualmente realiza a universidade. Pensa que mais que unha enquisa o que tiñan que facer é traballar as guías docentes, tal e como se lles aconsellou antes da súa aprobación ao final do pasado curso. Por esta vía de mellorar as guías, se melloraría a aprendizaxe.

O profesor Antonio Presedo, explica que o primeiro que hai que facer é asegurarse de se se pode ou non se pode pasar esta enquisa. Beatriz Vaquero advirte que non é un tema para aprobar, xa que xa está aprobado en xunta de centro.

Intervén de novo Antonio Presedo para pedir que conste expresamente en acta que desexa que se teña en conta todos os escenarios posibles e perspectivas porque hai parte desta enquisa que se trata nas enquisas de avaliación docente. Reitera que a propia institución ten canles xa concretos para realizar avaliar ao profesorado. Resposta Susana Reboreda para indicar que o alumnado non coñece o resultado destas enquisas.

Antonio Presedo, explica que o alumnado debe ser coñecedor de que as enquisas de avaliación que realiza a universidade teñen consecuencias, como por exemplo que se lle recoñeza ou non un quinquenio.

A profesora Yolanda Barriocanal e a secretaria Josefina Cadilla ven que se pode producir un problema en relación á normativa de protección de datos . Se a propia institución non facilita eses datos ao alumnado, habería que consultar si a facultade pode facilitar os datos que se recollan á delegación de alumnado.

Todos os membros presentes consideran que se debería esixir confidencialidade á delegación de alumnado na custodia e no tratamento deses datos.

Unha parte dos membros presentes considera máis positiva a proposta de Beatriz Vaquero de revisión das guías docentes de forma conxunta que a realización da citada enquisa.

Susana Reboreda, solicita un pouco de concreción en relación a este tema debido as opinións diversas e dispersas que se están dando. O tema é delicado, pero non é posible negar esta posibilidade porque deriva dunha situación anterior, cando o

alumnado de 3º presentou o curso pasado unha serie de queixas, pouco concretas en determinadas materias, e se lles pediu que realizaran unha enquisa para valorar ata que punto as súas opinións eran compartidas polo resto dos estudantes. É certo que deberían ter revisado as guías docentes, pero non o fixeron. Conclúese que se poderán realizar as enquisas sempre que sexa cos compromisos tanto de confidencialidade da delegación de alumnado, como de elaborar os correspondentes informes. Tamén vaise incidir na necesidade de revisar as guías docentes por parte de todos os sectores implicados. Realizarase por parte do equipo decanal unha consulta á Reitoría para saber si desde o centro se pode proporcionar ao alumnado os resultados desa enquisa.

Yolanda Barriocanal solicita que se perfile máis o formulario. Susana Reboreda explica que non se pode solicitar cambios posto que esa é a enquisa que a delegación de alumnado desexa realizar é isto ben xa dun acordo aprobado en xunta de facultade.

Beatriz Vaquero opina que se o alumnado que atopa problemas non fala co profesorado e busca unha mediación, non se vai conseguir chegar a unha solución.

Decídese non votar a proposta e se aproba por asentimento, condicionada a súa posta en marcha a adquisición dos mencionados compromisos por parte de Delegación e á resposta que se emita desde a Reitoría en relación á problemática que se poida producir en materia de protección de datos de carácter persoal.

7.- Análise e validación, se procede, do informe relativo ás necesidades do PAS da facultade de Historia do Campus de Ourense.

Susana Reboreda advirte que este informe é exactamente igual que o informe do ano pasado no que se describía a nova situación xerada pola implantación da nova RPT e que a situación nun ano debería ter mudado.

Antonio Presedo, como colaborador de calidade, explica que no procedemento de calidade sobre as necesidades do PAS, a persoa que teña competencia debe contactar co sector correspondente para ver se ten necesidades e recollelas. O que observa é que se trata dun documento calcado ao do ano pasado. Considera que hai que pedirle que se axuste ao que se lle pide.

Conclúese que se solicitará o informe de novo á administradora do campus no que se axuste ao que expresamente se lle solicita. Previamente a esta solicitude farase unha consulta a Área de Calidade para que indique cal é a canle máis adecuada.



8.- Rolda de intervencións.

Antonio Presedo desexa que conste en acta que na próxima reunión de calidade deberá ser antes das 13.00 sempre que haxa cinco ou máis puntos a tratar.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 15.00 h do día 30 de novembro de 2018, da que eu como secretaria dou fe, co visto e praxe da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba